



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente: 2020/E001/000004

Asunto: Aprol Rural 2020

Expediente Xunta: TR351G 2020/000012-1

ANTECEDENTES:

12/06/2020. A Consellería de Economía, Emprego e Industria comunica Resolución concedendo subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) no exercicio 2020, expediente TR351G2020/000012-1, para o obxecto *Servizo de desenvolverá tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal* tal e como segue:

Núm. Contrat.	Ocupación	Grupo cotiz	Custo mensual	Custo total (subv. solicitada)
1	Tractorista	9	1.510,10 €	13.590,90 €
TOTAL SUBVENCIÓN				13.590,90 €

O importe de 13.590,90 € está destinado ós custos salariais totais das contratacóns de persoal temporal para a obra/servizo obxecto da solicitude nos termos expresados na consideración segunda da resolución de concesión.

O punto 2º do apartado resolutivo primeiro da resolución da consellería indica que:

...A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 29 de xuño de 2020...

O artigo 14 da Orde de convocatoria da subvención no seu artigo 14 indica que

...o Concello deberá presentar oferta fechada na oficina de emprego correspondente cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacóns na oficina pública de emprego que corresponda ó enderezo do centro de traballo do posto ofertado, para poder seleccionar ós candidatos/as...

O procedemento administrativo de selección require aprobación de bases, publicidade da convocatoria, prazo para presentar solicitudes, aprobación e publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos, resolución de alegación, aprobación e publicación da listaxe definitiva, proceso selectivo e contratación.

Cos prazos que marca a lexislación vixente é imposible, ter contratado ó persoal que resulte seleccionado antes do 29 de xuño 2020.

CONSIDERACIÓN TÉCNICAS E XURÍDICAS

Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG núm. 18 do 28 de xaneiro, modificación no DOG núm. 37 do 24 de febreiro)

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE n.º 67 do 14 de marzo de 2020).

Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da

evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG n.º 51 do 15 de marzo de 2020).

Artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Iniciar os trámites para a contratación de 1 tractorista ao abeiro do programa Aprol Rural 2020 por un período de nove (9) meses.

SEGUNDO. Solicitar unha prórroga para formalizar as contratacóns polos motivos expresados nos antecedentes desta resolución.

TERCEIRO. Aprobar as bases para contratación de persoal laboral temporal dun tractorista para desenvolver o servizo denominado *Servizo de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal* do Concello da Baña, que se engaden como anexo a esta resolución.

CUARTO. Un anuncio relativo á aprobación destas bases publicaranse no BOP da Coruña, no taboleiro de edictos do Concello da Baña, na páxina web municipal www.concellodabana.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

QUINTO. Comunicar este acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención, a Tesourería Municipal e a técnica local de emprego da Baña

SEXTO. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación.

BASES PARA CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN TRACTORISTA PARA DESENVOLVER O SERVIZO DENOMINADO SERVIZO DE SILVICULTURA, BIOMASA, LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL DO CONCELLO DA BAÑA

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presentes bases a contratación de persoal laboral temporal dun traballador como tractorista, grupo de cotización 9, en réxime laboral temporal, por un período de 9 meses, para desenvolver o servizo denominado *Servizo de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal* do Concello da Baña, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG. n.º 18 do 28 de xaneiro de 2020)

SEGUNDA. PUBLICIDADE

A publicidade das bases farase mediante anuncio de aprobación das bases no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e a publicación íntegra daquelas no taboleiro de edictos do concello da Baña, na páxina www.concellodabana.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os anuncios sucesivos relativos a esta convocatoria faranse no taboleiro de edictos do concello da Baña, na páxina www.concellodabana.gal no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

TERCEIRA. DURACIÓN DOS CONTRATOS, MODALIDADE CONTRACTUAL, RETRIBUCIÓN.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

O carácter do contrato é temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

Ocupación: tractorista

Grupo de Cotización: 9

Servizo denominado: *Servizo de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal*

Xornada: Completa (100%)

Duración: 9 meses.

Ambito: No termo municipal do Concello da Baña.

Funcións: Levarán a cabo actuacións consistentes en tarefas de roce e limpeza de estradas, camiños e fincas municipais, franxas de seguridade forestais de propiedade municipal:

A modalidade contractual: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da Orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A selección dos/as traballadores/as será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso-oposición.

A retribución do salario bruto mensual incluída a parte proporcional das pagas extras do traballadores é de 1.510,10 euros/mes.

CUARTA. CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO, REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

1 PARA PODER PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO SERÁ NECESARIO REUNIR OS SEGUINTESES REQUISITOS:

- 1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea.
- 2 Ter cumpridos os 18 anos ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo, e non exceder a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.
- 3 Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. Xúntase anexo I.
- 4 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentencia xudicial firme ou resolución administrativa.
- 5 Non estar incuso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.
- 6 Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).
- 7 Estar inscrito/a como desempregado/a no Servizo público de Emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde de convocatoria do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural), que no punto 5 establece literalmente:

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
 - c) Persoas paradas de longa duración.
 - d) Persoas con discapacidade.
 - e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
 - f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
 - g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
 - h) Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (IPI)".
- 8 Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde (artigo 14º, punto 2).
- 9 Estar en posesión do permiso de conducir B.

Os/as candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello da Baña. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de tractorista.

Dado o estado de alarma vixente, as persoas demandantes de emprego cando non podan ser atendidos presencialmente na Oficina Pública de Emprego poderán solicitar mediante o formulario disponible no enlace (<https://emplego.xunta.gal/portal/index.php/gl/formulario-alta-demanda.html>) a tramitación da súa alta como demandante de emprego. As persoas interesadas dadas de alta como demandante de emprego terán que remitir un correo electrónico á Oficina Pública de Emprego oficina.emplego.santiago.norte@xunta.gal, solicitando a ocupación de tractorista, indicando: nome e apelidos, enderezo, teléfono, correo electrónico, aportar copia DNI polas 2 caras, e sinalar que queren participar no proceso selectivo da oferta de traballador/a forestal do programa Aprol Rural 2020 da Baña.

Os requisitos cumpliranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

Non se poderá realizar un contrato cun traballador/a que non reúna os requisitos esixidos no artigo. 14 da Orde de convocatoria.

2 REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 14 e 15 da Orde do 20 de decembro de 2019.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as na Oficina Pública de Emprego de Galicia, a través da que se formulará a correspondente oferta. As/as candidatos/as deberán pertencer os colectivos establecidos como preferentes na Orde de convocatoria e que están especificados no punto 5 do apartado dos requisitos para participar no proceso selectivo (artigo 14º).

O concello solicitará os/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado. Soamente serán admitidos e poderán presentarse a este proceso os candidatos que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

Datas para a realización das probas.

Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais do Concello da Baña que se acorde, co DNI, máscara, e a documentación que se requira para a fase de baremación de méritos.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha ou varias probas prácticas para optar ás prazas.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a documentación facendo constar os requisitos sinalados.

Para presentar a documentación o Concello da Baña, contactará co candidato/a preseleccionado/a por calquera medio que se empregue (teléfono, carta, e-mail, etcétera) para establecer unha cita previa para presentar no rexistro de entrada rexistro municipal do Concello da Baña.

Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente na data e hora que se establece na citación, é dicir non se admitirá documentación fora do prazo establecido.

Os/as candidatos/as, achegarán os documentos que a continuación se indican:

Mulleres e maiores de 45 anos	1 Copia compulsada do DNI.
Mulleres vítimas de violencia de xénero	1 Copia compulsada do DNI. 2 Documentación sentencia xudicial e/ou orde de protección
Pessoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumplidos os 30 anos na data de celebración do contrato	1 Informe de vida laboral 2 Copia compulsada do DNI. 3Copia compulsada titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado
Pessoas paradas de longa duración Parados de longa duración: aqueles que levan máis de 1 ano en desemprego	1 Copia compulsada do DNI 2 Certificado/Informe de Vida laboral ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia.
Pessoas con discapacidade	1Copia compulsada do DNI 2 Certificación correspondente da discapacidade.
Pessoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1 Copia compulsada do DNI 2 Certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia
Integrantes de colectivos desfavorecidos	1 Copia compulsada do DNI 2 Informe da traballadora social para acreditar colectivos desfavorecidos
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	1 Copia compulsada do DNI 2 Informe/certificado de Oficina/Servicio Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI's
Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuge, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	1 Copia compulsada do DNI 2 Copia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado /informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da

	anterior que acredeite ditas circuntancias.
Acreditar nivel de desemprego	Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, rai, prepara, activa, ou non percepto

QUINTA. COMISIÓN SELECCIONADORA

Composición da comisión seleccionadora

A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

PRESIDENTE:

Un/unha funcionario/a do Concello da Baña

VOCAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello da Baña ou doutra administración local que se designen.

SECRETARIO

O da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz pero sen voto.

A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbihdas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán abstenerse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelhas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

SEXTA. PROCESO DE SELECCIÓN

A Comisión seleccionadora realizará:

Proceso selectivo	Máximo a puntuar	
FASE DE PROBA	PROBA PRÁCTICA	28,00 puntos
VALORACIÓN DE MÉRITOS		12,50 puntos



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

TOTAL	40,50 puntos
-------	--------------

1º.- FASE DE PROBA:

Esta fase ten carácter obligatoria e eliminatoria

PROBA PRÁCTICA: Terá unha puntuación máxima de 28 puntos

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola Comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

Sendo 14 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

As probas estarán relacionadas cas funcións redactadas na base segunda e coas labouras encamiñadas ao obxecto da contratación de xeito que se o tribunal pola determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias dun tractorista.

2º VALORACIÓN DE MÉRITOS: Máximo 12,50 puntos

A Comisión de Valoración examinará toda a documentación entregada polos/as aspirantes.

Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que os/as aspirantes sexan citados para presentarse o proceso selectivo e deberán manterse ata a realización do contrato.

Establécense os seguintes criterios específicos a valorar: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, cargas familiares e nivel de protección por desempleo, sumando unha puntuación máxima de 12,50 puntos, tal e como segue:

CRITERIOS ESPECÍFICOS

1.- Segundo o establecido no artigo 14, da Orde do 20 de decembro de 2019 (Aprol Rural) terán preferencia neste programa a pertenza ós seguintes colectivos:

- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 20 de decembro de 2019 (Aprol Rural) da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta preferencia será valorada ata un máximo de 9,50 puntos. Os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar son:

- Mulleres e, en especial, aquellas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

Neste apartado puntúase por ser muller 1 punto e no caso de ser vítima de violencia de xénero sumaría un punto máis, acadando neste apartado un máximo de 2 puntos.

- Pessoas demandantes menores de 30 anos (1 punto). Podendo acadar neste apartado un máximo de 2 puntos, dado que á condición de demandante de emprego menores de 30 anos se poderá incrementar 0,50 por cada un destas situacions:

- Demandante que tendo menos de 30 anos non tivese emprego anterior (é decir ningún contrato laboral que figure no informe de vida laboral): 0,50 puntos.

- Demandante que non teña acadado os estudos de graduado en ESO: 0,50 puntos.

- Persoas paradas de longa duración (máis dun ano): (1 punto) (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego).

- Persoas con discapacidade (1 punto).

-Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego á que tivesen dereito (1 punto).

-Persoas desempregadas maiores de 45 anos (1 punto).

- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia (1 punto).

- Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (2 puntos).

2.- Térase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuge, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental.

O menor nivel de desemprego (máximo 1 punto): presentarase un certificado da oficina de emprego correspondente da acreditación de se o/a candidato/a é:

CADRO RESUMO DAS PUNTUACIÓNNS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS:

1 COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 9,50
Mulleres	Mulleres 1 punto Víctima de violencia de xénero 1 punto	Máximo 2 puntos
Persoas demandantes menores de 30 anos	Menores de 30 1 punto. No suposto que sexan demandantes de primeiro emprego incrementarase en 0,50 puntos. No suposto daqueles demandantes que non teñan acadado os estudos de ESO incrementarase en 0,50 puntos.	Máximo 2 puntos
Persoas paradas de longa duración (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).		1 punto
Persoas con discapacidade .		1 punto
Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.		1 punto
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.		1 punto
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia.		1 punto
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.		2 puntos
2.- MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo 3 puntos
Existencia de responsabilidades familiares.	0,50 puntos por persoa a cargo.	Máximo 2 puntos
O menor nivel de desemprego.	Perceptores de desemprego: 0,25 puntos. Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 0,50 puntos.	Máximo 1 punto



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

Non perceptores: 1 punto.	
PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA QUE SE PODE ACADAR NOS APARTADOS 1 E 2	Máximo 12,50 puntos

A acreditación documental das distintas situacións nas que se atopan os/as traballadores/as desempregados/as convocados/as están expostas na BASE TERCEIRA.

EMPATES:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- 1º) En caso de empate entre varios candidatos/as atenderase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.
- 2º) Se persiste o empate priorizarase aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.
- 3º) De persistir o empate atenderas á condición de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 4º) De persistir o empate atenderase á data de nacemento dos candidatos/as maiores de 45 anos, entendéndose que teñen prioridade o de maior idade sempre e cando non exceda a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.
- 5º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.
- 6º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado nivel de desemprego.
- 7º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada na proba práctica.
- 8º) De seguir manténdose resloverase pola orde alfabética do primeiro apellido, e de ser igual, polo segundo, a partir da letra que se establecerá polo último sorteo público feito pola Consellería de Facenda, publicado no Diario Oficial de Galicia. No suposto de que non exista aspirante ningún co primeiro apellido que comience pola letra que establece o citado sorteo continuarase pola letra seguinte en orde alfabética e así sucesivamente. De persistir o empate, este resloverase por sorteo.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN E FORMULACIÓN DE CONTRATOS

O/A secretario/a da comisión seleccionadora remitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ó longo do proceso selectivo, sendo a calificación final do proceso selectivo a suma das puntuacións obtidas en cada apartado do proceso selectivo. Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes que tendo acreditada a súa situación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e estando en desemprego na data de inicio do proceso selectivo (dita situación deberá manterse ata a data da realización dos contratos), e ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas. Unha vez rematada a selección, a Comisión seleccionadora fará pública a relación de aspirantes ós postos de traballo, coa puntuación acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web do concello www.concellodabana.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Finalizado o proceso de selección elevarase ó órgano competente proposta dos candidatos para a formulación dos correspondentes contratos laborais.

A comisión seleccionadora non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ós dos postos que se convocan.

O/A Presidente da Comisión seleccionadora, á vista do listado final de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía seleccionando a un (1) candidato/a que quedara na posición máis alta do listado, quedando os demais en lista de reserva por si se produce algunha renuncia, baixa ou calquera outra continxencia, sendo requerido ó/a traballador/a que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

Rematado o proceso selectivo o alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada, por un período de 9 meses, a xornada completa, o contrato deberá terse iniciado no prazo máximo indicado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

OITAVA. INCIDENCIAS

A Comisión seleccionadora está facultada para resolver as dúbdas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdicción social.

NOVENA. LEXISLACIÓN APLICABLE

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que e se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

ANEXO I

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de (1) traballador tractorista. Programa APROL Rural (2020).

Don/a.....,

con DNI..... e domicilio en

nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE (1) **TRACTORISTA**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@abana.dicoruna.es
www.concellodabana.es

dependentes:

Que NON SI desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.

Que NON SI realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

- Posúir a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

- Ter sido informado polo Concello da Baña que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguma enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de protección de datos de carácter persoal (**XÚNTASE ANEXO NO REVERSO**).

A Baña, de de 2020

Sinatura:

(Reverso)

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de datos de carácter persoal, procedemos a informarle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- RESPONSABLE DE TRATAMIENTO.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DA BAÑA, con dirección en Praza do Concello s/n, 15863 A Baña (A CORUÑA); correo@concellodabana.es.

2.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DA BAÑA é Rey Carrascal Servicios de Consultoría Gallega SL, SERCONGAL c/o que poderá contactar en correo@concellodabana.gal

3.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DA BAÑA efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

CONCELLO DA BAÑA proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DA BAÑA colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.

Non, únicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DA BAÑA, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6.- DEREITOS

Por último, informámosselle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a oponerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

CONCELLO DA BAÑA dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DA BAÑA, Praza do Concello s/n, 15863 A Baña (A CORUÑA); correo@concellodabana.es.

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos que nos outorgue o seu consentimento. Para iso, deberá cumplimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

DATA E LUGAR: _____

SINATURA: _____

A Baña, na data da sinatura dixital

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor